

CONVOCATORIA ORDINARIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2026-2027

O Regulamento do Servizo Universitario de Residencias da USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión ordinaria do 23 de xullo de 2025, estableceu novos criterios de acceso e permanencia no servizo de aloxamento nos centros integrados no Servizo Universitario de Residencias. A súa disposición derradeira terceira previa a entrada en vigor do regulamento o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico, agás o previsto no artigo 24.d), cuxa aplicación quedaba diferida á convocatoria ordinaria de prazas de residencia do curso 2026/2027.

Non obstante, por acordo do Consello de Goberno da USC, adoptado na súa sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprazouse a aplicación efectiva do previsto no referido artigo 24.d), de xeito que a convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR para o curso 2026/2027 se desenvolve nos mesmos termos e cos mesmos criterios aplicados no curso anterior.”

En consecuencia, a Vicerreitoría de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar publica a convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias para o curso académico 2026/2027.

1. PRAZAS ASIGNADAS A CADA SECTOR

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2026-2027 ascende a 960 repartidas por grupos e sectores tal e como se mostra na seguinte táboa:

Sectores	Grupo I		Grupo II		TOTAL PRAZAS
	Nº de prazas	%	Nº de prazas	%	
Estudantado de Grao	796	82,92	60	6,25	856
Estudantado de Máster Universitario Oficial	27	2,81	3	0,31	30
Estudantado de Programas de Doutoramento a tempo completo e Persoas Investigadoras en Formación	15	1,56	6	0,63	21
Estudantado de cursos de Posgrao Propios	4	0,42	1	0,10	5
Estudantado con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade	40*	4,17	8*	0,83	48*
TOTAL	882	91,88	78	8,12	960

* Neste apartado está incluída a oferta de 13 prazas en cuarto adaptado

2. COTAS E PREZOS

En función da Renda Persoal Dispoñible (RPD), calculada segundo a puntuación económica publicada nas Bases da convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021 e modificadas o 30 de marzo de 2023, establécense as seguintes cotas e prezos para esta convocatoria:

GRUPO I			
RPD	Cota	Prezo / mes	
		Cuarto Individual	Cuarto dobre compartido
Ata 2.500 €	A	62 €	46 €
Entre 2.500,01 € e 3.800 €	B	97 €	74 €
Entre 3.800,01 € e 5.050 €	C	124 €	104 €
Entre 5.050,01 € e 6.500 €	D	160 €	140 €
Entre 6.500,01 € e 8.999,99 €	E	219 €	171 €
Desde 9.000 €	F*	292 €	251 €

*Cota do estudantado bolseiro do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deporte (MEFPD) co compoñente de residencia por curso académico en réxime de dedicación a tempo completo. Como consecuencia do establecido na convocatoria de bolsas de carácter xeral do MEFPD, o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, unha vez teña coñecemento da concesión e ingreso do importe dos 2.700 € do compoñente de residencia da bolsa do MEFPD á persoa residente, emitirá un único recibo pola diferenza entre o importe total da estadia (ata o 31 de maio de 2027) e o importe xa aboado.

GRUPO II		
Cota	Prezo / mes	
	Cuarto Individual	Cuarto dobre compartido
F	292 €	251 €

Os prezos correspondentes ao estudantado con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade terán unha bonificación do 10% respecto das contías que figuran no cadro anterior, agás no caso de ser persoas bolseiras do MEFPD co compoñente de residencia.

3. SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Solicitud

A solicitude de praza **deberá realizarse a través do formulario accesible por vía telemática** que figura na páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento>

O estudantado de nova admisión poderá solicitar praza para o grupo I e para o grupo II marcando as dúas opcións no mesmo formulario.

Presentarase unha única solicitude por persoa, agás no caso de solicitar praza en varios sectores ou nos dous campus (un formulario para Santiago e un formulario para Lugo).

Prazo de presentación

O prazo de solicitude permanecerá aberto **dende o día da publicación ata as 14.00 horas do 22 de xuño de 2026.**

4. INDICACIÓNS SOBRE O PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN E O FORMULARIO DE SOLICITUDE

O estudantado de **readmisión sen cambios** nas persoas integrantes da unidade familiar deberán encher o formulario da páxina web e asinar coas súas credenciais de persoa usuaria e contrasinal da USC.

O **resto das persoas solicitantes** deberán encher o formulario da páxina web e incorporar o documento xerado no apartado “Engadir documentación” en formato PDF. Este documento debe ser asinado por todas as persoas integrantes da unidade familiar maiores de 14 anos antes de incorporalo á aplicación.

En relación ao formulario de solicitude:

Cando todas as persoas integrantes da unidade familiar dispoñan dun dos sistemas de firma electrónica, poderán asinar o formulario de solicitude e achegalo co resto da documentación.

Cando algunha persoa integrante da unidade familiar non dispoña de certificado electrónico, poderá imprimir o formulario de solicitude en papel, asinalo manualmente e posteriormente achegalo en formato PDF. As persoas solicitantes que engadan á súa solicitude o documento asinado en papel, terán a obriga de entregar o orixinal cando se lle requira.

Tras cumprimentar o formulario web, xerárase o impreso de solicitude. Dito impreso deberá presentarse a través da páxina web citada no punto 3 cun sistema de identificación e sinatura electrónica.

- O estudantado e demais persoas integrantes da USC poderán asinar a solicitude coas súas credenciais de persoa usuaria e contrasinal da USC.
- O resto das persoas interesadas poderán asinar cun dos sistemas de sinatura electrónica aceptados pola USC (certificado electrónico do Documento Nacional de Identidade (DNIe), sinatura da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) ou Cl@ve).

Non se tramitarán nin serán tidas en conta as solicitudes que non se presenten a través do formulario accesible por vía telemática; ou que non completen o proceso de presentación que inclúe, no seu último paso, a sinatura electrónica e a xeración dun resgardo.

5. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR ÁS SOLICITUDES

O estudantado de readmisión sen cambios na unidade familiar non ten que achegar ningunha documentación.

O resto das persoas solicitantes deberán achegar, ademais do formulario de solicitude asinado por todas as persoas integrantes da unidade familiar, a documentación que lle corresponda segundo o indicado no **punto 6 das Bases** da convocatoria ordinaria de prazas do SUR, que se pode consultar no seguinte enderezo:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/120461/carga.htm>

O estudantado que non estivera matriculado no curso 2025-2026 e solicite o acceso cunha cualificación obtida en anos anteriores ao actual, deberá achegar asinada a declaración de estudos cursados, cuxo modelo atopará na páxina web:

https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/more_info_service/2025-05/modelo-de-declaracion_cursar_non-cursar-estudios_anos-antiores-galego-corraxido_formulario_0.pdf

O estudantado de Programas de Doutoramento que presente unha nova solicitude deberá achegar a certificación académica na que figure a nota media dos estudos que lle deron acceso ao programa que estea a cursar. A cualificación media destes estudos será tida en conta no caso de haber máis solicitudes que prazas ofertadas.

Cando a persoa solicitante teña que **entregar nova documentación**, unha vez finalizada e presentada a solicitude, deberá facelo a través do enlace de **“Engadir documentación a súa solicitude”**:

<https://aplicacions.usc.es/surweb/Paginas/frmConsultarEstado.aspx?Cultura=gl>

6. PROCEDEMENTO PARA O CÁLCULO DA PUNTUACIÓN ACADÉMICA E ECONÓMICA

Os criterios para o cálculo da puntuación académica e económica serán os establecidos no punto 4 das Bases da convocatoria ordinaria de prazas do SUR, aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021 e modificadas o 30 de marzo de 2023.

A puntuación económica virá dada pola renda familiar (RF), que se obterá por agregación das rendas de cada integrante computable da unidade familiar da persoa solicitante.

6.1 Para a admisión:

Teranse en conta as rendas familiares (RF) do exercicio **2024**, que se calcularán por agregación das rendas de cada integrante computable da unidade familiar:

- a) Rendas das persoas integrantes computables que presentasen declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:
 - i. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2020 a 2023 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2020 a 2023 a integrar na base imponible do aforro.
 - ii. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

O resultado obterase dos recadros da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2024: 420+432-421+424+429-430-425-595.

- b) Nas rendas das persoas integrantes computables que non presentasen declaración valoraranse os ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.). Do resultado restaranse os pagos a conta efectuados.

O resultado final dividirase polo número de persoas integrantes computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2024. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº persoas integrantes computables.

6.2. Para o cálculo das cotas das prazas do grupo I:

Teranse en conta as rendas do exercicio do ano **2025**, que se calcularán de acordo co procedemento descrito no apartado anterior.

7. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

As listas e relacións ás que se refire este punto publicaranse no Taboleiro de anuncios electrónico da USC. Poderase acceder a estas relacións a través das ligazóns publicadas na páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento>

Listas provisionais

Unha vez procesadas as solicitudes, o **22 de xullo** publicarase a lista provisional de persoas solicitantes admitidas a trámite e excluídas. Na relación figurará a súa puntuación, a orde de preferencia dos centros que marcasen na súa solicitude e, de ser o caso, a causa que motive a exclusión.

As persoas interesadas dispoñen de prazo **ata o 27 de xullo** para emendar a súa solicitude e entregar a documentación requirida, ou que estimen oportuna, para completar a solicitude.

O lugar de entrega da documentación será o enderezo web indicado no **punto 5** desta convocatoria.

Listas definitivas

O **30 de xullo** publicaranse as listas definitivas de persoas admitidas en cada centro, a lista de agarda e a relación de persoas excluídas.

A admisión e asignación de centro farase segundo a preferencia do estudantado ordenado por puntuación.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata ás 14.00 h do 3 de agosto** por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

8. PAGAMENTO DA FIANZA PARA A RESERVA DA PRAZA

As persoas admitidas deberán aboar a cantidade de **150 €** en concepto de fianza de reserva de praza **entre o 30 de xullo e as 14.00 h do 3 de agosto**.

O pago poderá realizarse accedendo ao formulario que figurará na páxina web:

<https://aplicacions.usc.es/surweb/Paginas/frmConsultarEstado.aspx?Cultura=gl> por medio de tarxeta de crédito ou de débito, ou imprimindo o recibo de aboamento bancario que deberá facerse efectivo no banco que nel figura. De non cumprirse este trámite, enténdese que se renuncia á praza concedida.

O pagamento da fianza dunha praza do Grupo II supón a renuncia á praza solicitada no Grupo I, e viceversa.

9. CAMBIO DE CENTRO

Ao estudantado de readmisión, se lles interesa cambiar de centro, deberán marcalo na súa solicitude de readmisión. Esta petición será valorada coas solicitudes de nova admisión.

As persoas de nova admisión interesadas en pedir cambio de centro terán que solicitalo no momento de realizar o pagamento da fianza.

10. MOVEMENTO DA LISTA DE AGARDA E CAMBIOS DE CENTRO

A continuación detállanse as datas de publicación das solicitudes admitidas e en lista de agarda posteriores á lista definitiva. Estes listados publicaranse mentres haxa prazas dispoñibles debido á non confirmación ou renuncia das persoas convocadas en cada movemento.

Para obter a praza en firme é necesario realizar o pago da fianza sinalado na data de admisión. O mesmo ocorre coa permanencia na lista de agarda, que será obrigatorio confirmar en todas as listaxes que se publiquen.

As publicacións cesarán no momento en que non queden prazas vacantes.

O **5 de agosto**, publicarase o **primeiro movemento** da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **os días 5 e 6 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8 desta convocatoria.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 6 de agosto**, por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

O **10 de agosto**, publicarase o **segundo movemento** da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **os días 10 e 11 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8 desta convocatoria.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 11 de agosto**, por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

O **12 de agosto**, publicarase o **terceiro movemento** da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **os días 12 e 13 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8 desta convocatoria.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 13 de agosto**, por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

O **17 de agosto**, publicarase o **cuarto movemento** da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **os días 17 e 18 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8 desta convocatoria.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 18 de agosto**, por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

O **19 de agosto**, publicarase o **quinto movemento** da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

As persoas admitidas terán de prazo **os días 19 e 20 de agosto** para facer efectivo o pagamento da fianza, seguindo o indicado no punto 8 desta convocatoria.

As persoas que queden na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR, teñen de prazo para confirmalo **ata o 20 de agosto**, por medio do formulario que figura na páxina web. De non facelo, entenderase que desisten da súa petición de permanecer na lista de agarda.

De ser necesario, faranse novos movementos da lista de agarda ata completar a adxudicación do número de prazas convocadas, con dous días naturais para o pago da fianza.

11. DURACIÓN DA ESTADÍA

As persoas admitidas que pagaran a fianza poderán ocupar a súa praza **dende o 3 de setembro de 2026 ata o 31 de maio de 2027**. Unha vez rematado este período, o estudantado que desexe continuar no SUR deberá solicitálo mediante a Convocatoria de verán 2027.

12. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

O prazo para solicitar a devolución da fianza por renuncia á praza sen causa xustificada será **ata o día 14 setembro de 2026**.

As renuncias posteriores a esta data unicamente terán dereito á devolución da fianza en casos excepcionais e debidamente xustificadas, ou cando así o acorde a Comisión de Garantías.

13. ADXUDICACIÓN DE COTAS

No cálculo da adxudicación de cotas teranse en conta as rendas do exercicio do ano **2025** de acordo co procedemento descrito no punto 6 desta convocatoria.

Agás que se produza algunha dificultade técnica que impida a obtención de datos por parte das administracións tributarias, a **primeira quincena de setembro** publicarase no Taboleiro de anuncios electrónico da USC a resolución de asignación de cotas. Cada persoa residente/colexial que teña solicitado praza polo grupo I poderá comprobar a cota que lle foi asignada na páxina web <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento>.

O prazo para a reclamación das cotas adxudicadas será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación. A reclamación deberá ser motivada. Finalizado o prazo de reclamación, non se terán en conta novas reclamacións ou alegacións.

A Comisión de Garantías, de acordo co artigo 8 do Regulamento do SUR, será a encargada de resolvelas, e contra a decisión que adopte non caberá reclamación ningunha. Ao longo do curso, esta Comisión poderá modificar as cotas adxudicadas para atender situacións excepcionais sobrevidas.

Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva de cotas asignadas.

14. INCOMPATIBILIDADES

A axuda nas cotas desta convocatoria que constan no cadro do punto 2 son incompatibles con outras axudas coa mesma finalidade. O estudantado residente que teña concedido o compoñente de residencia da bolsa xeral do MEFPD para o curso académico en réxime de dedicación a tempo completo, deberá aboar a cota F. Para manter a cota subvencionada pola USC, deberán renunciar ao compoñente de residencia da bolsa do MEFPD.

15. COMISIÓN DE GARANTÍAS

O Regulamento do SUR aprobado polo Consello de Goberno o 23 de xullo de 2025 regula no artigo 8 o funcionamento da Comisión de Garantías.

O estudantado que non cumpra os mínimos académicos para a adxudicación ou renovación de praza por causas debidamente acreditadas de enfermidade, violencia machista, situación socioeconómica, circunstancias familiares ou outras causas sobrevidas poderán presentar unha solicitude dirixida á persoa que presida a Comisión de Garantías **ata o día 14 de xullo de 2026**.

Dita solicitude deberá ir acompañada: a) dunha carta na que a persoa solicitante xustifique a causa sobrevida; e b) documentación que acredite a devandita circunstancia (para causas de saúde, informe médico expedido polo **Servizo Público de Saúde**; para situacións de violencia machista: resolucións xudiciais e/ou informe de **organismo público**; para acreditar a situación socioeconómica e/ou circunstancias familiares: informe dos servizos sociais e outra documentación complementaria que acredite a situación).

Durante o prazo de reclamación das cotas adxudicadas poderán presentarse as alegacións que consideren oportunas dirixidas á persoa que presida a Comisión de Garantías.

As alegacións presentadas fóra do prazo establecido non serán tidas en conta. Contra a decisión adoptada pola Comisión de Garantías non caberá reclamación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A reitora

Rosa Crujeiras Casais

TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/05/2026 15:25:28.

CSV: 87CB-B8DF-4415-B873